


“Abril, mes do libro!!”



Actividades para celebrar o mes dos libros!

Queridas Familias:



Ao mes de abril coñecémolo como o mes dos libros porque o día 2 foi o Día Mundial do Libro Infantil e Xuvenil, e o 23 é o día Mundial do Libro e dos Dereitos de autor.

Estes días seguro que moitos/as de vós volvíchedes a ler libros que tiñades na casa ou incluso libros “online”.

Para celebrar estes acontecementos dende a Bilioteca do CEIP de Baíñas, queremos propoñervos varias actividades para que elixades a que queirades e animarvos a participar.

O primeiro que tendes que facer e elixir un libro que teñades na casa ou que lerades fai pouco. Tamén podedes ler algún que vos recomendamos, (adxuntaremos propostas relacionadas coa natureza, a protección do medio ambiente ou o cambio climático, temas dos que trata o noso proxecto de biblioteca)

ACTIVIDADES:

1ª) BOOKTOUBERS!!

Tan só tendes que gravar un vídeo falando sobre ese libro que estades a ler, ou que vos gustara, recomendándoo, tamén o libro que lle gusta a túa nai, teu pai... PODE GRAVAR O VÍDEO TODA A FAMILIA.

O vídeo non pode durar moito máis de un minuto e tendes ata finais de abril para facelo. Poñédevos guap@s, collede o libro e ... **3,2,1 Acción!!**

Semellante ao que fixeron algúns dos nos@s [Booktubers!!](#) (pinchade no [enlace](#) para vélos!!)

2ª) **XERRA ou CAIXA LITERARIA** (vale calquer recipiente que se poida ensinar ou seu contido)

- . Escolle co teu conto favorito
- . Pensa cales son as cousas imprescindibles do conto
- . Méteas na xerra, bote ou caixa (tes que decorala un pouquiño)
- . Contanos nun vídeo (ou nun audio + unha imaxe das cousas) cal é o conto escollido e que cousas meteches na xerra/bote/caixa..

3ª) **MANUALIDADES!!**

Crear unha manualidade para estes días que pode ter que ver con noso proxecto sobre a natureza ou sobre o libro que recomendes ler.

Algúns exemplos:



<https://m.vk.com/@ideipodelki-otkrytka-ko-dnu-uchitelya>

<https://www.pinterest.es/pin/195132596343116084/>

<http://mimundodebaldosamarilla.blogspot.com/2015/02/un-buho-marcapaginas-reto-amistoso-62.html>

4ª) **BIBLIOTECA CREATIVA EN 3D!!**

Para o alumnado de 3º, 4º e 5º. Como xa coñeces o programa "[Tinkercad](#)" onde diseñamos pezas en 3D, é gratuíto e tendes que acceder a el poñendo a vósa conta de correo electrónico e contraseña. Sabedes que

tendes a web de "[Thingiverse](#)" onde podes descargar distintos deseños. Pero a que quero que intentedes usar por primeira vez é a aplicación [SELVA 3D](#), (da cal vos deixo un tutorial de cómo funciona). Esta aplicación "online" permite pasar un debuxo ou imaxe de 2D a 3D, para que logo no "[Tinkercad](#)" poidas modificalos.

A actividade sería igual cas anteriores:

Fas ou escolles un debuxo que teña que ver co conto que che guste, (tamén podes diseñar un marcapáxinas bonito), e enviarme o teu deseño á conta de correo do cole, **lembrádevos que os arquivos teñen que estar en formato .STL** que xa cho crea o "[Tinkercad](#)", e... **Benvidos xente creativa!!** Ti podes conseguilo, ademáis se tes dúbidas enviame un correo ou unha mensaxe polo grupo, Animáte e engánchate a impresión 3D!!

Tutorial [SELVA 3D](#): https://www.youtube.com/watch?v=5sRlusqz_TM

5º) **RECUNCHO DE LECTURA!!**

Se queredes podedes mandar un vídeo ou unha foto do voso momento de lectura coa vosa familia ou no recuncho onde vos gusta ler. E se tendes oportunidade e como o **21 de marzo foi o Día internacional da árbore e dos bosques**, e esta data pillounos en corentena, tamén podedes ler un conto debaixo dunha árbore.

NOTA:

Tanto as imaxes coma os vídeos (lembrade que non excedan dun minuto e medio) podedes envalos por correo electrónico ao enderezo do cole: ceip.bainas@gmail.com. **Tendes de prazo ata finais de abril.**

Por suposto, nin que decir ten, que dende o Centro, como é natural, velaremos para que todas as imaxes e vídeos cumpran a lei de protección de datos, e só serán expostos no propio Centro ou a través da web.

Sen máis, despedímonos de tod@s, non sen antes, agradecervos de antemán a vósa inestimable colaboración, especialmente nestes tempos de confinamento!! e por suposto animarvos a participar. Tede en conta que todas estas experiencias son tan bóas para o alumnado como para as familias.

MOITAS GRAZAS!

En Baíñas a 15 de abril de 2020

O Equipo de Biblioteca do CEIP Baíñas.